

BIBLIOTECA ESCOLAR
EEI FERNÁNDEZ VARELA
A POBRA DO CARAMIÑAL
CURSO 2008/09



AFAITE A REGALAR LIBROS POLO NADAL



"NON TENDO APRENDIDO A LER
NON É POSIBLE APRENDER A ESTUDAR"

RUBÉN DARÍO

REFLEXIONAMOS...

UNHA FAMILIA COMPROMETIDA COA LECTURA É AQUELA QUE...



ANIMA A LER.



CONTA CONTOS.



DA EXEMPLO LENDO.



ACOMPaña AOS SEUS FILLOS A FUNCIÓNS TEATRAIS, EXPOSICIÓNS E OUTROS ESPECTÁCULOS CULTURAIS.



COMPARTE E COMENTA AS LECTURAS DOS SEUS FILLOS.



ACOMPaña AOS SEUS FILLOS AOS LUGARES ONDE ESTÁN OS LIBROS: LIBRERIAS, BIBLIOTECAS.



FOMENTA E COIDA A BIBLIOTECA FAMILIAR OU PERSOAL.



APRECIA E LE COS SEUS FILLOS AS PUBLICACIÓNS E TRABALLOS ESCOLARES.



COMPRENDE QUE MERCAR UN LIBRO FORMA PARTE DOS GASTOS DA EDUCACIÓN DOS FILLOS.



VE E COMENTA COS SEUS FILLOS PROGRAMAS DE TV, PELÍCULAS, ETC.

(DE: <http://www.sol-e.com/motor.php?id%20seccion=7&subsec=81&separata=2&ideak=34>

ACLARAMOS...

POR QUE E PARA QUE CONTAR CONTOS AOS RAPACES?

SON TANTAS AS RAZÓN...

OS CONTOS ESTÁN CHEOS DE SITUACIÓNS E PERSONAXES REAIS E FANTÁSTICOS QUE O NENO PODE EVOCAR MENTAL E VERBALMENTE, PERO O PODER DA PALABRA E O XESTO DO NARRADOR CONFÍRENLE UNHA MAXIA E UN SABOR INDESCRIPTEBLES.

DENDE BEN PEQUENO O NENO SABE QUE O QUE SE LLE CONTA NON É REAL, PERO O ACEPTA PORQUE NON BUSCA CONFIRMACIÓNS CIENTÍFICAS DA REALIDADE, SENÓN TRANSGRESIÓNS E PORTAS PARA PENETRAR NA FANTASÍA, A IRREALIDADE E OS IMPOSIBLES SATISFEITOS.

VEXAMOS ALGUNHAS VIRTUDES DESTE "COMPLEXO VITAMÍNICO":



AXUDA AO NENO A IDENTIFICAR AS SÚS PROPIAS VIVENCIAS...



A NARRACIÓN ENRIQUECE O OIDO EMOCIONAL DO NENO...



AXUDÁLLE A EVADIRSE DA OPRESIÓN DO CONTORNO. OS LIBROS NON DICEN QUE A VIDA SEXA IDÍLICA; DICEN QUE PARA QUEN LOITA BEN, A VIDA É POSIBLE SEN DEIXAR DE SER HUMANA.



SACIA UNHA DAS NECESIDADES VITAIS DOS RAPACES: A DE SOÑAR.



NO COLO DOS SEUS PAIS, DESCÓBRELE A MARABILLA DA PALABRA ESCRITA E OS CÓDIGOS DA LECTURA.



PROVOCA O INTERCAMBIO EXCELSO DE SENTIMENTOS ENTRE PAIS E FILLOS.



OS CONTOS OFRECEN EN SI MESMOS MULTITUDE DE AGASALLOS:

- o O AGASALLO DO AFECTO: CÓNTOCHE UN CONTO PORQUE TE QUERO.
- o O ALIMENTO PARA A SÚA FAME DE FICCIÓN
- o O ELEMENTO LIBERADOR DA TENSIÓN DA SÚA PROPIA REALIDADE, DA OPRESIÓN DO COTIÁ.
- o OS MODELOS PARA IDENTIFICARSE CON ELES.
- o ACICATES PARA A BUSCA DE COÑECEMENTOS.
- o ALAS PARA A IMAXINACIÓN.

"SE A CURIOSIDADE É A FONTE DO COÑECEMENTO; A IMAXINACIÓN É O ABONO CO QUE AMBOS FANSE FORTES"

(DE:KEPA OSORO EN: http://www.sol-e.com/motor.php?id_seccion=7&subsec=81&separata=2&ideook=20)

FAGAMOS BOS LECTORES...

OS BOS LECTORES SON ACTIVOS, DEDICADOS E CHEOS DE VIVEZA: OS SEUS CEREBROS TRABALLAN TODO O TEMPO E DOMINAN A COMPRESIÓN E O SENTIDO CRÍTICO.

OS BOS LECTORES SABEN:



PREDICIR O QUE É PROBABLE QUE SUCEDA A CONTINUACIÓN.



DESCIFRAR PALABRAS DESCOÑECIDAS.



RECOÑECER DIFERENTES TIPOS DE MATERIAL DE LECTURA.



RELATAR COAS SÚAS PALABRAS O LIDO.



IDENTIFICAR DISTINTOS PUNTOS DE VISTA.



LER ENTRE LIÑAS.



COMPENDER A IDEA PRINCIPAL.



USAR A SÚA IMAXINACIÓN



CREAR AS SÚAS PROPIAS HISTORIAS.



DISTINGUIR OS LIBROS QUE LLES GUSTAN DOS QUE NON,

PARA ISTO...



EMPECE CON LIBROS QUE LLE GUSTEN A VOSTEDE.



RELÁXESE.



VARÍE AS LECTURAS.



CONVIRTA A LECTURA NUN HÁBITO



MODELE UNHA BOA CONDUCTA DE LECTURA, MOSTRANDO INTERESE E PRACER CANDO LE. OS NENOS APRENDEN O QUE VEN...



SE O SEU FILLO SABE LER, LEAN POR TURNOS.



PIDA LIBROS PRESTADOS. ADOPTE O HÁBITO DE IR Á BIBLIOTECA PÚBLICA.



COMENCE A FORMAR A SÚA PROPIA BIBLIOTECA.

PORQUE



OS LECTORES QUE PRACTICAN A PREDICIÓN APRENDEN A:

- ☞ PENSAR POR ADIANTADO
- ☞ POÑER ATENCIÓN AOS DETALLES RELACIONADOS COA TRAMA E OS PERSONAXES.
- ☞ PRESTAR ATENCIÓN AOS PATRÓNS E A SECUENCIA.
- ☞ CHEGAR A CONCLUSIÓNS LÓXICAS.



OS LECTORES QUE DESCIFRAN PALABRAS DESCOÑECIDAS:

- ☞ LER CON ATENCIÓN.
- ☞ FACER DEDUCCIÓNS LÓXICAS.
- ☞ AMPLIAR O SEU VOCABULARIO.
- ☞ PENSAR CREATIVAMENTE.



OS LECTORES QUE PODEN IDENTIFICAR TEXTOS DIFERENTES APRENDEN A:

- ☞ FACER DISTINCIÓNS.
- ☞ XENERALIZAR.
- ☞ PENSAR CRITICAMENTE.
- ☞ APRECIAR AS DIFERENTES FORMAS LITERARIAS.



OS LECTORES QUE SON QUEN DE CONTAR COAS SÚAS PALABRAS O LIDO, APRENDEN A:

- ☞ ENCONTRAR OS DETALLES MÁIS IMPORTANTES.
- ☞ RETER OS ACONTECEMENTOS NA ORDE APROPIADA.
- ☞ LEMBRAR O LIDO.




OS LECTORES QUE PRACTICAN A IDENTIFICACIÓN DO PUNTO DE VISTA APRENDEN A:

- ☞ DARSE CONTA DE QUEN ESTÁ A CONTAR A HISTORIA.
- ☞ ENTENDER AS DIFERENTES PERSPECTIVAS DOS DISTINDOS PERSONAXES.
- ☞ DESENVOLVER A EMPATÍA.
- ☞ PENSAR CRITICAMENTE.
- ☞ DISTINGUIR OS LIBROS QUE LLES GUSTAN DOS QUE NON.



OS LECTORES QUE PODEN LER ENTRE LIÑAS APRENDEN A :

- 
- ☞ DETECTAR CLAVES SIGNIFICATIVAS.
 - ☞ USAR LO QUE SABEN PARA INTERPRETAR UN LIBRO.
 - ☞ ENCONTRAR MÁS UN SIGNIFICADO NO QUE LEN.
 - ☞ IDENTIFICAR AS PRINCIPAIS IDEAS QUE O AUTOR TENTA TRANSMITIR.



OS LECTORES QUE PODEN IDENTIFICAR A IDEA PRINCIPAL SON QUEN DE:

- ☞ DIFERENCIAR ENTRE OS DETALLES PRINCIPAIS E OS QUE SON MENOS IMPORTANTES.
- ☞ SACAR CONCLUSIÓN XERAIS BASEADAS EN INFORMACIÓN CONCRETA.
- ☞ PENSAR CRITICAMENTE.
- ☞ LEMBRAR MÁIS DO LIDO.



OS LECTORES QUE EXERCITAN A SÚA IMAXINACIÓN APRENDEN A:

- ☞ FORTALECER A SÚA CAPACIDADE VERBAL.
- ☞ CONVERTERSE EN BOS ESCRITORES.
- ☞ SOLUCIONAR PROBLEMAS CREATIVAMENTE.
- ☞ APRECIAR A LITERATURA.



OS NENOS QUE CREAN AS SÚAS PROPIAS HISTORIAS APRENDEN A:

- ☞ EXPRESAR PENSAMENTOS E SENTIMENTOS.
- ☞ PROFUNDIZAR NA SÚA IMAXINACIÓN.
- ☞ CONTROLAR A LINGUAXE.
- ☞ CONVERTERSE EN MELLORES LECTORES.



OS LECTORES QUE PENSAN CRITICAMENTE APRENDEN A:

- ☞ OBSERVAR OS DETALLES.
- ☞ COMPARAR IDEAS, PENSAMENTOS, OPINIÓNS...
- ☞ XENERALIZAR.
- ☞ TER CONFIANZA NO SEU PROPIO XUICIO.


(DE: "LA LECTURA ES DIVERTIDA. DIEZ SENCILLOS
MÉTODOS PARA CULTIVAR EL HÁBITO DE LECTURA EN LOS NIÑOS".
JANET GARDNER. ED. TRILLAS)

“OS CONTOS CONTAN AS COUSAS DUN XEITO SINXELO E ORDENADO, E POR ISO AXÚDANNOS A LEMBRAR E A APRENDER, A POÑER ORDEN NA NOSA PROPIA CABEZA. O NENO QUERE OIR O MESMOS CONTOS UNHA E OUTRA VEZ PARA ASEGURARSE DE QUE A SÚA MENTE RETÉN E ORDENA OS DATOS CORRECTAMENTE; ADEMAIS DE GOZAR CO A HISTORIA, DALLE SEGURIDADE COMPROBRAR QUE A LEMBRA E A COMPRENDE... E AOS ADULTOS PÁSANOS ALGO SEMELLANTE: LER UN BO LIBRO, UNHA BOA HISTORIA, AXÚDANOS A ORDENAR AS NOSAS IDEAS E COMPRENDER O MUNDO NO QUE VIVIMOS...”

CARLO FRABETTI (CALVINA)

ALGUNHAS SUXESTIÓNS

PARA OS PEQUES...



"COMENOCHE"

ANA JUAN

ED: ALFAGUARA INFANTIL

"HERBALÚA"

MARILAR ALEIXANDRE

ED. GALAXIA

"LEER SIENTA BIEN"

TODD PARR


ED. SERRES



"ORELLAS DE BOLBO"

ANDRÉ NEVES

ED. KALANDRAKA



"EL LEÓN QUE NO SABÍA ESCRIBIR"

MARTÍN BALTSCHHEIT

LOGUEZ EDICIÓN



"NADARÍN"

LEO LIONNI

ED. KALANDRAKA

"A TARTARUGA QUE QUERÍA DURMIR"

R. ALIAGA E A. CIMATORIBUS

ED. OQO



"PETRA"

HELGA BANSH

ED. OQO



"ME GUSTAN LOS LIBROS"

ANTHONY BROWNE

FONDO DE CULTURA EC.




E para os maiores

"LA LECTURA ES DIVERTIDA.

DIEZ SENCILLOS MÉTODOS PARA

CULTIVAR EL HÁBITO DE LECTURA



"APLÍCATE EL CUENTO"

JAUME SOLER

ED. AMAT




EN LOS NIÑOS"
JANET GARDNER
ED. TRILLAS.




"¿QUIERES ORDENAR TUS COSAS
DE UNA VEZ?"
CORNELIA NITSCH
ED. MEDICI



"COMO SE CUENTA LA HISTORIA
A LOS NIÑOS EN EL MUNDO ENTERO"
MARC FERRO
ED. FONO DE C. ECONÓMICA



"CUENTOS PARA
SENTIR"
BEGOÑA IBARROLA



"CON OJOS DE NIÑO"
FRANCESCO TONUCCI
ED. LOSADA



"LA ELEGANCIA DEL ERIZO"
MURIEL BARBERY
SEIX BARRAL



"JUNTOS NADA MÁS"
ANNA GAVALDA
SEIX BARRAL

"LOS GIRASOLES CIEGOS"
ALBERTO MENDEZ
ED. ANAGRAMA



BO NADAL!!